

CONTIDO

*Coido que a miña pintura se da nun
doble proceso: interiorización i expresión
de formas intuitivas.*

*Sinto na cór a vibración da materia e
na liña tento o movemento.*

Luz Pozo Garza

DENDEN O DIA 2 AO 10 DE OCTUBRO
DE 1981

EXPÓN:

Luz Pozo Garza



SALA DE ARTE

DO

EXCMO. AXUNTAMENTO DE A CORUÑA

A pintura de LUZ POZO GARZA

por Eduardo Moreiras

Achamos na pintura de Luz Pozo Garza algunhas cualidades diferenciais moi expresivas pra situar o seu universo artístico no conxunto das obras que se caracterizan por posuír unha rexa orixinalidade.

É, dende logo, unha pintura poética. Isto é xa unha novidade á que poucos pintores teñen acceso. A poesía incide, coa súa áa impalpábel, na pintura de Luz e transforma formas e coores nun poema visíbel, plástico. Accede asin a un estado de “condensación das sensacións” (Matisse) que forman o cuadro e deixa, cunha intelixencia segura, xurdir a beleza; non a beleza convencional sinón a orixinal e creadora que debe espallar toda obra de arte.

Caracterízase tamén ista pintura pola súa subxetividade, pois emerxe da poetización da coor conseguida en armonías lumiosas de intensas calidades que dan ao cuadro unha forza expresiva suxerente de mundos novos, recién abertos á vida.

Ista interiorización da pintura de Luz Pozo Garza, refrexo do seu mundo interior, é o que fai lexíbel o seu mensaxe, coherente e crara a interpretación dos símbolos, pois, coma di Bernard Groethuysen, “non se comprende o que se expresa soio en función do que é”.

Interiorización e invención de formas e coores levan a unha plenitude na creación pictórica. No universo plástico de Luz estala —en surtidor de paxaros lumiosos, nebulosas que xiran en ondas musicais, pedras que soñan— a alegría da creación nun intre de optimismo e forza vital. Intre que, coma di Ortega, “nos parece coincidir con todo el universo” e constituíe coma “la cima de la vida y su integral expresión”.

Asin, a pintura de Luz Pozo Garza, chea de imaxinación creadora, de tintas lumiosas musicais, revela un mundo equilibrado, sinxelo, no que as cousas non son o que aparentan sere sinón moito máis.

CONTIDO

- | | |
|------------------------------|-------------------------------|
| 1. ORIXEN | 21. PAXARO NA NOITE |
| 2. ESPALLAMENTO | 22. PAXARO NA LUZ |
| 3. GALAXIA I | 23. PASADELO |
| 4. GALAXIA II | 24. SOLPOR |
| 5. O PAXARO NA MAN | 25. LUA AZUL |
| 6. SOÑO DA NOITE | 26. LABERINTO |
| 7. A RAPAZA DO ESPELLO | 27. O CENTRO RAIOLANTE |
| 8. PEDRAS VIVAS | 28. INQUEDANZA |
| 9. XARDIN INTERIOR | 29. ARMONÍA |
| 10. FONDO MARINO | 30. PLENITUDE I |
| 11. AS LINDES | 31. PLENITUDE II |
| 12. SONATA DE OUTONO | 32. XESTAS |
| 13. FOLLAS NEGRAS | 33. POBO DE VIVEIRO |
| 14. FOLLAS DE VAGAR | 34. EMANACIÓN |
| 15. CONCERTO
DE OUTONO I | 35. OUCAS |
| 16. CONCERTO
DE OUTONO II | 36. MADUREZA |
| 17. LIBERTADE | 37. BOSQUE DE PUXEIROS |
| 18. PAXAROS
NA CANDELARIA | 38. PRIMAVERA
EN CASTRELOS |
| 19. POMBA NO AZUL | 39. VOLVORETAS |
| 20. ALBORADA | 40. SIMETRÍA |
| | 41. TEIMA |
| | 42. SAUDADE |